



## A DITADURA FRANQUISTA E A TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA



*"Franco e Juan Carlos I no desfile de conmemoración da vitoria na Guerra Civil" (autor descoñecido. CC0 1.0)*



# ÍNDICE

---

## A DITADURA FRANQUISTA E A TRANSICIÓN Á DEMOCRACIA

1. A DITADURA FRANQUISTA.....	1
1.1 Características xerais da ditadura franquista.....	1
<i>Exercicios</i> .....	3
1.2. Etapas principais da ditadura franquista.....	4
1.2.1. Primeira etapa (1939-1955). Consolidación e autarquía.....	4
1.2.2. Segunda etapa (1955-1973). A apertura económica e o <i>desarrollismo</i> .....	4
1.2.3. Terceira etapa (1973-1975). O Franquismo tardío.....	5
<i>Exercicios</i> .....	5
1.3. A oposición ao Franquismo.....	6
<i>Exercicios</i> .....	7
2. A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA.....	8
2.1. Fitos principais da Transición española.....	9
<i>Exercicios</i> .....	9
SOLUCIÓN.....	10

## 1. A DITADURA FRANQUISTA

A historia de España no século XX estivo profundamente marcada pola Guerra Civil (1936-1939) e a posterior **ditadura do xeneral Francisco Franco (1939-1975)**. Este período de case corenta anos está caracterizado polo establecemento dun réxime político autoritario, a supresión das liberdades e unha forte represión. A comprensión desta etapa resulta fundamental para entender a evolución política, económica e social de España, así como para valorar o proceso de transición que conduciu á democracia actual.



"Francisco Franco xunto a autoridades militares" (Vicente Martín, CC-SA-3.0)

### 1.1 Características xerais da ditadura franquista

A ditadura franquista instaurouse en España despois da vitoria do bando sublevado na Guerra Civil española. Esta vitoria converteu a Francisco Franco en ditador grazas ao apoio dos sectores máis conservadores da sociedade: o **exército**, a **Igrexa católica** e as **elites económicas**. O exército foi o pilar fundamental do Franquismo e garantiu a estabilidade e a continuidade do Réxime. A Igrexa católica estableceu unha alianza coa ditadura que contribuíu a lexitimala e reforzou o control social da poboación. As elites económicas foron beneficiadas polas políticas económicas de Franco e apoiaron o Réxime na procura de estabilidade e oportunidades de negocio.

Os fundamentos ideolóxicos do réxime franquista nunca estiveron moi elaborados dende a perspectiva intelectual, máis alá da súa identificación cos valores tradicionais de xerarquía e orde, co catolicismo e co rexeitamento do liberalismo e do marxismo.

As características básicas poden sintetizarse nos seguintes aspectos.

- **Concentración do poder en Franco.** Francisco Franco acumulou en si mesmo todos os poderes e actuou como xefe de Estado, xefe de Goberno e xeneralísimo dos exércitos. Esta concentración de poder eliminou por completo calquera rastro de separación de poderes, que é unha das características fundamentais das democracias liberais. Esta ausencia de límites ao seu poder permitiulle a Franco gobernar de maneira autoritaria, sen oposición efectiva nin control parlamentario.
- **Supresión das liberdades democráticas.** O réxime franquista suprimiu as liberdades fundamentais. Os partidos políticos foron ilegalizados, coa excepción da *Falange Española Tradicionalista y de las JONS* que, logo da súa creación durante a guerra, pasou a funcionar como partido único do Réxime. Os sindicatos independentes tamén foron prohibidos e substituídos pola *Organización Sindical Española*, controlada polo Estado. A censura foi unha ferramenta fundamental para evitar a difusión de ideoloxías contrarias ao Réxime. Calquera manifestación de disidencia era reprimida, e a prensa, as expresións artísticas e literarias estaban suxeitas a un estrito control.

- **Nacionalismo e centralismo.** O Franquismo promoveu un forte nacionalismo español e un centralismo que reprimiu con dureza as identidades plurais existentes no Estado, ao tempo que eliminaba a súa autonomía política acadada durante a República. Esta política procuraba unha homoxeneización cultural e a eliminación das identidades nacionais periféricas, consolidando unha única identidade española identificada con Castela e baseada nos valores tradicionais promovidos polo Réxime. Así, as distintas linguas do Estado, coa excepción do castelán, foron prohibidas no ámbito público e as manifestacións culturais propias destas rexións foron reprimidas.
- **Nacionalcatolicismo.** O réxime franquista estableceu unha estreita alianza coa Igrexa católica, ata o punto de que esta tivo un papel central no réxime ao se converter o nacionalcatolicismo na súa ideoloxía oficial. A relixión católica foi imposta como relixión oficial do Estado. A Igrexa controlaba o sistema educativo e promovía unha moral conservadora que afectaba a todos os ámbitos da vida social. Esta alianza proporcionoulle lexitimidade ao réxime e reforzou o control social sobre a poboación.
- **Represión política.** Instaurouse unha política de represión sistemática contra calquera individuo considerado contrario ao réxime. Milleiros de persoas foron executadas, encarceradas ou forzadas ao exilio por motivos políticos. Esta represión foi especialmente dura e sistemática durante as primeiras décadas, pero mantívose durante todo o período. Durante o cal se puxeron en práctica mecanismos de vixilancia e delación para manter a poboación baixo un estrito control, fomentando o clima de medo e a autocensura.



*Francisco Franco, Gonzalo Queipo de Llano e o cardeal Eustaquio Illundáin y Esteban (autor descoñecido. PDM 1.0)*

Estas características configuraron un réxime que, durante case corenta anos, marcou profundamente a Historia de España e deixou unha pegada que aínda hoxe é obxecto de estudo e de reflexión.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 1

A ideoloxía do réxime franquista...

- a) Estaba moi elaborada intelectualmente.
- b) Estaba fundamentada nas ideas marxistas.
- c) Identificaba o Réxime cos valores tradicionais de xerarquía e orde.
- d) Defendía as liberdades democráticas.

### Exercicio 2

Os principais apoios do Franquismo foron...

- a) O exército, a Igrexa e as elites económicas.
- b) O movemento obreiro e os partidos políticos.
- c) Os estudantes e intelectuais.

### Exercicio 3

O papel da Igrexa católica durante o Franquismo foi...

- a) Opoñerse ao Réxime e organizar a resistencia.
- b) Controlar a educación e establecer unha moral conservadora.
- c) Defender as liberdades individuais.

## 1.2. Etapas principais da ditadura franquista

A ditadura de Franco pode dividirse en tres etapas principais, cada unha cunha evolución propia, tanto no ámbito político como no económico e social.

### 1.2.1. Primeira etapa (1939-1955). Consolidación e autarquía

Esta etapa correspóndese coa posguerra e caracterízase polo illamento internacional e a exclusión de España dos principais foros internacionais, debido ao inicial aliñamento de Franco cos réximes da Alemaña de Hitler e a Italia de Mussolini.

A nivel interno, o período está marcado pola necesidade de Franco de consolidar o seu poder. Para conseguir o seu obxectivo, levouse a cabo unha política de terror que incluíu execucións, encarceramentos e exilios forzados. A dureza destas medidas represivas contribuíu a crear un clima de medo que perdurou durante toda a ditadura.

Dende a perspectiva económica, o máis importante foi a posta en marcha dunha política económica autárquica. Procúrase ser autosuficiente intentando producir internamente todo o necesario e reducindo ao mínimo as importacións. Isto deu como resultado unha economía caracterizada polo *atraso económico*, que derivou na miseria xeneralizada e na necesidade de levar a cabo políticas de racionamento, o que afectou gravemente a calidade de vida e marcou toda unha xeración.



Cartilla de racionamento franquista (Falconamaumanni. Museo de Prehistoria de Valencia. CC-SA 3.0)

### 1.2.2. Segunda etapa (1955-1973). A apertura económica e o *desarrollismo*

A mediados da década de 1950, e debido aos cambios na estrutura política internacional, o illamento internacional de España comeza a romper. Apadriñados polo Vaticano e os Estados Unidos, en 1955 permítense o ingreso de España na Organización das Nacións Unidas (ONU). A partir deste momento, o Réxime pon en marcha unha serie de medidas que o levan a abandonar a política autárquica e a liberalizar a economía. O Plan de estabilización de 1959 e os plans de desenvolvemento da década de 1960 permitiron a entrada de investimentos estranxeiros e a integración de España na economía mundial. Durante esta fase experimentouse unha rápida industrialización, a expansión do turismo e a modernización de infraestruturas que xeraron un forte crecemento económico e a aparición dunha nova clase media.

Dende a perspectiva política, a modernización económica non foi acompañada dunha apertura. Así, a censura e a represión mantivéronse como instrumentos para controlar a sociedade e evitar que o progreso económico derivase en demandas de pluralismo político.



### 1.2.3. Terceira etapa (1973-1975). O Franquismo tardío

Esta fase reflicte a decadencia do Réxime debido ao impacto da crise económica derivada do incremento do prezo do petróleo no ano 1973 e das crecentes presións internas e internacionais. A decadencia física do ditador e a incapacidade do Réxime de proxectarse máis alá da súa morte conflúen cunha crise económica que pon de relevo todos os desequilibrios do proceso de expansión económica anterior. Así, a morte de Franco en 1975 marcará o final do Franquismo e abrirá o camiño á *transición cara á democracia*.

Nesta etapa, o Réxime evidencia un claro desgaste institucional e unha fragilidade crecente. O aumento da mobilización social demostrou que o sentimento de represión xa non era aceptado de maneira incuestionable e foi creando unha atmosfera que preparou o camiño para o cambio de réxime.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 4

Cal das seguintes opcións define mellor a primeira etapa da ditadura franquista?

- a) A entrada na ONU e a apertura ao turismo.
- b) A política económica autárquica e o illamento internacional.
- c) A liberalización económica e o crecemento da clase media.

### 1.3. A oposición ao Franquismo

A pesar da intensa represión levada a cabo polo Réxime, diversos colectivos e organizacións mantiveron viva a oposición ao Réxime ao longo das décadas. Esta resistencia foi evolucionando co paso das décadas, aínda que, dende o principio, se caracterizou tanto pola diversidade ideolóxica dos actores involucrados como polas distintas formas de loita empregadas, que irían dende a resistencia armada ata a mobilización social e política. Os núcleos de oposición máis destacados foron:

- **A guerrilla antifranquista:** coñecidos como *maquis*. Tras a Guerra Civil continuaron a resistencia armada na clandestinidade, especialmente nas zonas rurais e montañosas. O exército e a Garda Civil levaron a cabo unha represión brutal para erradicar estas guerrillas. En Galicia, algúns destes guerrilleiros acadaron a condición de figuras lendarias, como *O Foucellas*, que actuou sobre todo nas comarcas de Betanzos e Lugo e mantivo a súa loita ata 1952. Tamén Manuel Fernández '*Piloto*', que operou na zona de Ourense e no oriente galego, e foi quen de resistir ata que foi capturado en 1961.
- **Partidos políticos clandestinos:** o Partido Comunista de España (PCE) desempeñou un papel fundamental, dende o primeiro momento, na organización da resistencia ao Franquismo, non só como apoio aos maquis, senón tamén no ámbito sindical ou articulando o movemento veciñal. O Partido Socialista Obreiro Español (PSOE), moi debilitado despois da guerra, tardou bastante en recuperar forzas e organizarse. Porén, a partir da década de 1960, irá recuperando o protagonismo. Por outra parte, en Euskadi, Cataluña e Galicia, a actividade dos partidos nacionalistas tamén tivo certa importancia.
- **Movemento obreiro e sindical:** a partir da década de 1960 xurdiron sindicatos clandestinos como Comisións Obreiras (CC.OO.), vinculado ao Partido Comunista, que organizaron folgas e protestas laborais. Un pouco máis tarde reorganizárase a Unión Xeral de Traballadores (UGT), co apoio do PSOE.
- **Movemento estudantil:** co ingreso das clases medias na universidade, a mediados da década de 1960, estás convértense en importantes focos de contestación política, delas derivarán importantes protestas contra a ditadura.
- **Oposición no exilio:** intelectuais, políticos e artistas exiliados contribuíron a denunciar internacionalmente o Franquismo, fomentando a solidariedade internacional e o rexeitamento ao Réxime.
- **Grupos armados e accións violentas:** durante os últimos anos do Franquismo xurdiron grupos que recorreron á loita armada como forma de oposición. As accións destes grupos tiveron un impacto significativo na oposición ao Réxime, pero tamén xeraron debate e controversia, tanto dentro de España como fóra, sobre a idoneidade dos seus métodos violentos para obter fins políticos. As organizacións

máis importantes foron ETA, que, procurando a independencia do País Vasco, levou a cabo accións armadas de certa magnitude, como o asasinato do almirante Carrero Blanco, presidente do Goberno e sucesor designado de Franco. O FRAP (*Frente Revolucionario Antifascista y Patriota*) foi outra organización que realizou accións armadas contra os obxectivos do Réxime.



*Cráter deixado pola bomba de ETA que matou o almirante Carrero Blanco (autor descoñecido. PDM 1.0)*

## EXERCICIOS

---

### Exercicio 5

Que papel tivo o Partido Comunista de España (PCE) na oposición ao Franquismo?

- a) Promoveu o exilio de intelectuais e artistas.
- b) Apoiou o Réxime dende dentro das institucións.
- c) Organizou a resistencia apoiando os maquis, os sindicatos e movementos veciñais.

## 2. A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA

A **Transición** foi un proceso político que levou España dende a ditadura franquista ata un réxime democrático. Cronoloxicamente abrangue dende a morte de Franco, en 1975, ata a vitoria do PSOE, nas eleccións xerais do ano 1982. Este proceso estivo marcado pola legalización dos partidos políticos, a restauración das liberdades civís e políticas, a celebración de eleccións libres e a Constitución de 1978. A clave do proceso foi a procura do consenso e a capacidade para integrar nel os elementos herdeiros do réxime franquista, evitando unha ruptura total co pasado que puider desencadear conflitos sociais.

Dentro deste proceso de transición hai varios elementos destacados:

- **Reformas legais progresivas:** a aprobación da *Lei para a reforma política* do ano 1976 foi o punto de partida para a legalización progresiva dos partidos políticos e a aprobación da Constitución de 1978, que axudou a articular o consenso entre as antigas estruturas franquistas e as novas forzas democráticas.
- **Participación activa da sociedade civil:** a mobilización dos sindicatos, das asociacións culturais e dos intelectuais permitiu que se esbozase unha nova identidade política baseada na pluralidade e na liberdade, evitando os radicalismos e superando a visión monolítica do réxime anterior.
- **Contexto internacional:** o proceso foi impulsado por un panorama internacional favorable, no cal a presión das democracias consolidadas axudou a xestionar unha transición pacífica e negociada.
- **O protagonismo de Juan Carlos I e de Adolfo Suárez:** o monarca fora nomeado sucesor por Franco, pero, despois da morte do ditador, liderou o proceso reformista cara á democracia, onde o seu papel como garante da estabilidade institucional resultou decisivo. Pola súa banda, Adolfo Suárez, nomeado presidente do Goberno en 1976, encarnou a capacidade para negociar entre as forzas opostas e integrar os antigos elementos franquistas cos novos actores democráticos.



Adolfo Suárez durante o discurso de investidura  
(descoñecido- PDM-1.0)



## 2.1. Fitos principais da Transición española

- **Morte de Franco e proclamación de Juan Carlos I (1975):** supón o comenzo do proceso de transformación debido ao papel clave que o monarca tivo nel.
- **Lei para a reforma política (1976):** permite a legalización dos partidos e dos sindicatos. Formaliza a ruptura co Franquismo ao dismantelar o marco legal que sostivera o Réxime.
- **Primeiras eleccións democráticas (1977):** a participación masiva da poboación nelas e a presenza de múltiples forzas políticas permiten a formación dun Parlamento, elemento crucial para a redacción da nova Constitución.
- **Aprobación da Constitución (1978):** redactada despois de intensos debates e negociacións, foi aprobada en votación popular. Establece as bases do sistema democrático español.
- **Intento de golpe de Estado (1981):** intento de reverter o proceso democrático mediante a ocupación do Congreso por militares para instaurar un réxime autoritario. O seu fracaso reforzou o proceso de democratización en España.
- **Eleccións de 1982:** o triunfo do PSOE representa a alternancia política e marca a fin do proceso de transición e a consolidación da democracia en España.



## EXERCICIOS

---

### Exercicio 6

Cal destes elementos foi clave no proceso da Transición española?

- a) A volta ao absolutismo monárquico.
- b) A participación activa da sociedade civil.
- c) A imposición dun réxime militar.

### Exercicio 7

Cal destes fitos marcou un avance decisivo na Transición española?

- a) A creación da Segunda República.
- b) A aprobación da Constitución de 1978.
- c) A entrada na Unión Europea.



## SOLUCIÓNS

---

### Exercicio 1

A ideoloxía do réxime franquista...

- a) Estaba moi elaborada intelectualmente.
- b) Estaba fundamentada nas ideas marxistas.
- c) **Identificaba o réxime cos valores tradicionais de xerarquía e orde.**
- d) Defendía as liberdades democráticas.

### Exercicio 2

Os principais apoios do Franquismo foron...

- a) **O exército, a Igrexa e as elites económicas.**
- b) O movemento obreiro e os partidos políticos.
- c) Os estudantes e intelectuais.

### Exercicio 3

O papel da Igrexa católica durante o Franquismo foi...

- a) Opoñerse ao Réxime e organizar a resistencia.
- b) **Controlar a educación e establecer unha moral conservadora.**
- c) Defender as liberdades individuais.

### Exercicio 4

Cal das seguintes opcións define mellor a primeira etapa da ditadura franquista?

- a) A entrada na ONU e a apertura ao turismo.
- b) **A política económica autárquica e o illamento internacional.**
- c) A liberalización económica e o crecemento da clase media.



### Exercicio 5

Que papel tivo o Partido Comunista de España (PCE) na oposición ao Franquismo?

- a) Promoveu o exilio dos intelectuais e artistas.
- b) Apoiou o Réxime dende dentro das institucións.
- c) **Organizou a resistencia apoiando os maquis, os sindicatos e os movementos veciñais.**

### Exercicio 6

Cal destes elementos foi clave no proceso de Transición española?

- a) A volta ao absolutismo monárquico.
- b) **A participación activa da sociedade civil.**
- c) A imposición dun réxime militar.

### Exercicio 7

Cal destes fitos marcou un avance decisivo na Transición española?

- a) A creación da Segunda República.
- b) **A aprobación da Constitución de 1978.**
- c) A entrada na Unión Europea.